



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MESÍA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**EXTRACTO DEL DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 111/2021 POR EL QUE SE CONVOCAN AYUDAS POR NACIMIENTO DE HIJO/A, ADOPCIÓN Y/O ACOGIMIENTO DURANTE EL AÑO 2021**

BDNS(Identif.):555009

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/555009>).

#### **1.<sup>a</sup>. OBJETO DE LA AYUDA.**

La finalidad de estas ayudas es proporcionar apoyo económico a aquellas familias en las que se produzca el nacimiento, adopción y/o acogimiento de un nuevo miembro de la unidad familiar.

#### **2.<sup>a</sup>. BENEFICIARIOS.**

Podrán solicitar estas ayudas, para los/as niños/as nacidos/as, adoptados/as y/o acogidos/as, las familias empadronadas en el Ayuntamiento de Mesía y que acrediten el cumplimiento de los siguientes requisitos:

- Que el nacimiento, adopción y/o acogimiento preadoptivo se produzca entre el día 1 de enero y el 31 de diciembre de 2021.
- Acreditar, mediante certificación del Padrón de Habitantes, la residencia efectiva en el Ayuntamiento de Mesía del padre, madre o tutor/a legal en la fecha anterior a la del nacimiento del hijo/a.
- Acreditar el empadronamiento de los padres y del nacido/a en el Ayuntamiento de Mesía en el momento de la solicitud de la ayuda.
- En los supuestos de nulidad, separación o divorcio de los progenitores, el beneficiario de la prestación será el padre/madre que tenga la custodia de los/las hijos/as, de acuerdo con lo establecido en el convenio regulador o sentencia de separación o divorcio.
- En ningún caso podrán ser beneficiarios los progenitores privados de la patria potestad de sus hijos/as o si la tutela o guarda fuera asumida por una institución pública.
- Los solicitantes de la ayuda y sus beneficiarios deben estar al corriente de sus obligaciones fiscales y con la Seguridad Social, así como no tener deudas pendientes con el Ayuntamiento de Mesía.
- Los beneficiarios de la ayuda (padre, madre, hijo/a) quedan obligados a permanecer empadronados en el Ayuntamiento de Mesía durante un período mínimo de dos años. Asimismo, deberán comunicar en el plazo de un mes cualquier cambio que se produzca en la situación de la unidad familiar que pueda tener relevancia o fuera tenida en cuenta para la concesión de la ayuda. Se entiende por familias tanto las monoparentales como las formadas por ambos progenitores, sean matrimonio o pareja de hecho. En los casos de separación, divorcio, nulidad del matrimonio, será beneficiario/a el progenitor que tenga la custodia de los/las niños/as, y en el caso de cese en la convivencia de parejas de hecho, será beneficiario/a el progenitor con que conviva el/la menor.

#### **3.<sup>a</sup>. BASES REGULADORAS.**

Las bases están a disposición de los/las interesados/as en la página web del ayuntamiento ([www.concellodemesia.gal](http://www.concellodemesia.gal)) y en el tablón de anuncios municipal.

#### **4.<sup>a</sup>. CUANTÍA DE LA AYUDA.**

La ayuda consistirá en el pago único de 300,00 euros por cada nacimiento, adopción o acogimiento.

**5.ª. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES DE LA AYUDA.**

1.–La solicitud y la documentación requerida se presentará en las oficinas municipales, sin perjuicio de lo que dispone el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común.

2.–El plazo de presentación de solicitudes comenzará el día siguiente al de publicación de estas bases en el Boletín Oficial de la Provincia y finalizará el 31 de diciembre de 2021.

MESÍA

26/3/2021

MARIANO IGLESIA CASTRO

ALCALDE

**EXTRACTO DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 111/2021 POLO QUE SE CONVOCAN AXUDAS POR NACEMENTO DE FILLO/A, ADOPCIÓN E/OU ACOLLEMENTO DURANTE O ANO 2021**

BDNS(Identif.):555009

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/555009>).

**1.ª. OBXECTO DA AXUDA.**

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar.

**2.ª. BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar estas axudas, para os/as nenos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as, as familias empadroadas no Concello de Mesía e que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo se produza entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.
- Acreditar, mediante certificación do Padrón de Habitantes, a residencia efectiva no Concello de Mesía do pai, nai ou titor/a legal na data anterior á do nacemento do fillo/a.
- Acreditar o empadroamento dos pais e do nado/a no Concello de Mesía no momento da solicitude da axuda.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos/as fillos/as, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
- En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.
- Os solicitantes da axuda e os seus beneficiarios deben estar ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así como non ter débedas pendentes co Concello de Mesía.
- Os beneficiarios da axuda (pai, nai, fillo/a) quedan obrigados a permanecer empadroados no Concello de Mesía durante un período mínimo de dous anos. Asemade deberán comunicar no prazo dun mes calquera cambio que se produza na situación da unidade familiar que poida ter relevancia ou fora tida en conta para a concesión da axuda. Enténdese por familias tanto as monoparentais como as formadas por ambos proxenitores, sexan matrimonio ou parella de feito. Nos casos de separación, divorcio, nulidade do matrimonio, será beneficiario/a o proxenitor que teña a custodia dos/as nenos/as, e no caso de cese na convivencia de parellas de feito, será beneficiario/a o proxenitor con que conviva o/a menor.

**3.ª. BASES REGULADORAS.**

As bases están a disposición dos/as interesados/as na páxina web do concello ([www.concellodemesia.gal](http://www.concellodemesia.gal)) e no taboleiro de anuncios municipal.

**4.ª. CONTÍA DA AXUDA.**

A axuda consistirá no pagamento único de 300,00 euros por cada nacemento, adopción ou acollemento.

**5.ª. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DA AXUDA.**

1.–A solicitude e a documentación requirida presentaranse nas oficinas municipais, sen prexuízo do que dispón o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

2.–O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 31 de decembro de 2021.

MESÍA

26/3/2021

MARIANO IGLESIAS CASTRO

ALCALDE

2021/2487